



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E O CONCELLO DE SOBER PARA A REALIZACIÓN DE TRABALLOS DE POSTA EN VALOR DO HORREUM ROMANO DE PROENDOS (SOBER, LUGO)**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

María del Carmen Martínez Ínsua, directora xeral de Patrimonio Cultural da consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

**DECLARA:**

Que esta dirección xeral de Patrimonio Cultural formalizou o pasado día 19/05/2023 co Concello de Sober, o instrumento conxugal arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 30 de novembro de 2023.

Que o instrumento conxugal ten por obxecto:

É obxecto do presente convenio regular as bases de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia e o Concello de Sober, para a realización de traballos de posta en valore do Horreum Romano de Proendos (Sober), co obxectivo operativo de conservar o patrimonio cultural galego.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento conxugal asinado se fundamenta no seguinte:

O xacemento arqueolóxico de Proendos, sitúase no concello lucense de Sober, en concreto na parroquia de Santa María de Proendos, na contorna da súa igrexa parroquial. A nivel de protección, este xacemento arqueolóxico ten a consideración de ben catalogado en base ao artigo 30 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia xa que se atopa recollido no PXOM do Concello de Sober aprobado no ano 2013 (DOG núm. 75, do 18.04.2013) e no Plan Básico Autonómico de Galicia, aprobado polo Decreto 83/2018, do 26 de xullo (DOG núm. 162, do 27.08.2018), co código GA27059015. Ademais o lugar se atopa no ámbito da paisaxe cultural da Ribeira Sacra, declarada ben de interese cultural polo Decreto 166/2018, do 27 de decembro.

Tendo en conta os valores culturais que posúe o xacemento arqueolóxico de Proendos (Sober, Lugo) como un dos fitos representativos da Galicia romana, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural e o Concello de Sober consideran necesario continuar cos traballos arqueolóxicos no sitio coa finalidade de favorecer a súa investigación e posta en valor.





Estes traballos faranse con metodoloxía arqueolóxica e serán dirixidos por un/ha arqueólogo/a que cumpra os requisitos esixidos polo Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia. Ademais da propia intervención arqueolóxica, tense previsto levar a cabo diferentes accións de divulgación dos traballos arqueolóxicos realizados nas que se fará constar a colaboración e financiamento da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia.

Ademais da propia intervención arqueolóxica, tense previsto levar a cabo diferentes accións de divulgación dos traballos arqueolóxicos realizados nas que se fará constar a colaboración e financiamento da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente conxual.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria

